

Regresan os paseos polo Vigo literario

08 Outubro 2015 por Redacción (/colaborador/itemlist/user/42-redaccion)



Este mes de outubro regresan ás rúas de Vigo os paseos literarios.

Tras o éxito da primeira edición, a Concellería de Normalización Lingüística e a Asociación de Escritores en Lingua Galega retomarán este mes de outubro o programa de "Paseos polo Vigo literario" nos que tres escritores

realizarán un roteiro no que transcorren os seus libros. Nesta ocasión serán Marta Dacosta, Fran Alonso e Fran P. Lorenzo.

As citas cos roteiros serán os días 17 e 24 de outubro e o 7 de novembro e a inscrición comezará o 10 de outubro xa que existe un límite de participantes -ata 50- e farase por estricto orde de chegada dos correos.

Para se inscribir deben enviar os seus datos (nome completo e teléfono) ao correo electrónico actividades.snl@vigo.org (<mailto:actividades.snl@vigo.org>) (deben indicar a cal/es paseo/s irán), a partir do día 10 de outubro (inclusive) dende ás 10:00 horas.

O primeiro roteiro estará guiado por Marta Dacosta, con saída dende Paseo de Afonso XII (no extremo de Pi i Margall).

O do 24 de outubro estará guiado por Fran Alonso e partirá da rúa García Barbón ao pé das escaleiras que soben a Alfonso XIII.

Fran P. Lorenzo guiará o do 7 de novembro, que sairá da rúa Privada Moderna.